



# *A máquina de escribir*

COLECCIÓN SIRVENT

Do 12 de febreiro  
ao 05 de abril de 2015

.....

Casa das Artes

CONCELLO  
DE VIGO



SHOLES & GLIDDEN

# 1873

MOD. THE TYPE WRITER

REMINGTON TYPEWRITER CO.  
U.S.A.



---

En 1867, o xornalista e impresor Christopher Latham Sholes transformou un enxeñoso aparello para a numeración de libros de rexistros que construíra en compañía de Samuel Soule, na primeira máquina de escribir que se fabricou de forma industrial, despois dun acordo coa firma Remington ao que chega en 1873. A máquina, que se presentaba sobre un soporte similar aos das máquinas de coser, igual que a súa florida decoración, escribía só en letras maiúsculas; de esta peculiaridade derivará o teclado QWERTY. Calcúlase unha fabricación total de cinco mil máquinas The Type Writer, nome que recibiu ata que se comercializou o seguinte modelo xa como máquina Remington.



Dende que no 1808 Pellegrino Turri construíra a primeira máquina de escribir —da que non nos quedan máis que documentos escritos sobre a súa practicidade— ata o 2009, —ano no que as máquinas de escribir deixaron de fabricarse—, deuse un período de enorme importancia para estes novos enxeños mecánicos en case todos os eidos da vida.

A máquina de escribir era utilizada nas contendas bélicas, nas redaccións dos xornais, nos domicilios privados, na industria, e por riba de todo na oficina. Aínda que xurde como artefacto útil a inicios do século XIX, a súa maior importancia social acadouna a partir dos anos oitenta dese século e mantívooa ata cen anos máis tarde, cando os primeiros ordenadores persoais viñeron a suplantala como medio para a escritura.

*A máquina de escribir. Colección Sirvent* é unha exposición que permite ao espectador achegarse ao universo das máquinas en relación a súa importancia histórica no desenvolvemento da industria e o traballo. A través dunha selección de máquinas de escribir escollidas polo seu deseño, funcionalidade e importancia para a propia vida no século XX, a exposición permitíranos gozar de revolucionarios deseños como os da Valentine de Olivetti ou de magníficos exemplares das lendarias Underwood.

Xunto ás máquinas, pósters, fotografías, aparellos, xoguetes, materiais de colección relacionados

co seu universo e intervencións artísticas coas máquinas como protagonistas, servirannos para achegarnos a unha estética da que participaron algúns dos máis importantes deseñadores gráficos de finais do século XIX e case todo o século XX.

A mostra tamén nos deixará ver o que supuxo a aparición da máquina de escribir para a incorporación da muller ao mercado do traballo na empresa privada, e todo o que acontece no interior dos propios aparellos, permitíndonos a través de desmembrados, máquinas especiais, ferramentas e imaxes, coñecer o funcionamento das máquinas dende dentro.

**Os maravillosos elementos que compoñen a exposición, forman parte da Colección Sirvent, unha das máis grandes e importantes coleccións privadas internacionais forxadas arredor do universo da máquina de escribir e que xurde na propia cidade de Vigo,** grazas a figura de D. Alfredo Sirvent, que tras o seu paso pola delegación española da empresa americana Underwood, abriu unha empresa propia na cidade en relación coas máquinas de escribir nos anos corenta do século XX e a partir de aí, soubo construír unha colección, continuada polos seus fillos, que conta con máis de 4.000 máquinas e un grande número de obxectos e imaxes relacionadas con este aparello revolucionario, da cal agora podemos gozar na súa propia cidade, como parte mesma da historia do noso Vigo industrial.



MALLING HANSEN

1867

RÉPLICA N.º 13/20, 2000

E. MEKANISKE JÜRGENS  
DINAMARCA

Foi a primeira máquina de escribir  
producida en serie. *Desta bóla de escritura,*  
suponse a existencia na actualidade dunhas  
trinta máquinas, case todas en museos.



THE HALL

1881

MOD. NEW YORK  
HALL TYPEWRITER CO.  
U.S.A.



HAMMOND

1895

MOD. 2 (IDEAL)

HAMMOND TYPEWRITER CO.  
U.S.A.



OLIVER

1897



MOD. 2

OLIVER TYPEWRITER CO.  
U.S.A.



WILLIAMS

1896

MOD. 2

WILLIAMS TYPEWRITER CO.  
U.S.A.



KANZLER

1903

MOD. 1 B

DT. SCHREIBMASCHINEN GMBH  
ALEMAÑA

OLIVETTI

1969

MOD. VALENTINE

HISPANO OLIVETTI, S.A.  
ESPAÑA



---

Cun deseño realizado por Ettore Sottsass e Perry King sae ao mercado a Valentine, que se distingue polo seu aspecto xuvenil, ligado á cultura pop.

---

UNDERWOOD

1900

MOD. 5

UNDERWOOD TYPEWRITER CO.  
U.S.A.



### Casa das Artes

Policarpo Sanz 15, Vigo

Do 12 de febreiro  
ao 5 de abril

Luns a venres: de 18.00 a 21.00 h

Sábados: de 12.00 a 14.00 e de 18.00 a 21.00 h

Domingos e festivos: de 12.00 a 14.00 h

Todos os xoves ás 20.00 h visitas guiadas realizadas polo comisario da exposición.

Visitas guiadas para grupos polas mañás, reservando no teléfono 986 42 44 22

### COLECCIÓN SIRVENT

O **10 de agosto de 1940**, e despois de ter dedicado anos ao traballo na delegación española da empresa americana **Underwood**, Alfredo Sirvent Colomina abriu na cidade un taller de mantemento e servizo técnico de máquinas de escribir.

Vinte anos máis tarde, o seu espazo xa se convertera nun lugar clave en todo o relacionado cos servizos técnicos arredor da escritura, como a mecanografía, o aluguer de máquinas, o mantemento, restauración e comercialización. Desa actividade, e da paixón contaxiada aos seus fillos, xurde a *Colección Sirvent*, unha colección que abrangue non só arredor das **4.000 máquinas de escribir**, senón que tamén garda un **gran núcleo de carteis e obxectos relacionados coa súa venta, promoción, utilización e reparación**, así como moitos elementos que teñen que ver coa máquina como produto e **coa influencia da súa imaxe na estética do século XX**.

